EXPEDIENTE 2025/G010/000001. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA 6 DE FEBREIRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/02

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 6 de febreiro de 2025
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 21.39 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. EXPEDIENTE 2023/X999/000023. Inventario de bens. Resolución alegacións e aprobación definitiva.
2. EXPEDIENTE 2024/C004/000005. Servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Touro. Adxudicación do contrato.
3. EXPEDIENTE 2024/A008/000047. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025. Aprobación da solicitude de participación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2023/X999/000023. INVENTARIO DE BENS. RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

Por parte do Sr. Alcalde faise un resumo da seguinte proposta que consta no expediente, ditaminada favorablemente pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 3 de febreiro de 2025.

ANTECEDENTES DE FEITO

A resolución da Presidencia da Deputación número 2022/40170, de 26 de setembro de 2022, seleccionou a este Concello para incluílo na 1ª anualidade do Proxecto de Elaboración de Actualización dos inventarios de bens e dereitos para as entidades locais da provincia da Coruña, que desenvolve a Deputación, a través do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Municipios e a empresa Estudio Técnico Galego, S.A., que resultou adxudicataria da asistencia técnica.

O día 29 de novembro de 2023, entregouse neste Concello o Inventario municipal por parte de Estudio Técnico Galego, S.A.

Revisada a documentación polo servizos técnicos, foi requerida a empresa Estudio Técnico Galego, S.A., adxudicataria da asistencia técnica, para a corrección dos erros detectados na documentación presentada o día 29.11.2023.

O 16 de outubro de 2024 a empresa Estudio Técnico Galego, S.A., adxudicataria da asistencia técnica, remite ao Concello o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Touro, unha vez realizadas as correccións oportunas.

O 14 de novembro de 2024 o Pleno da Corporación por maioría absoluta acordou aprobar inicialmente o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade formado o día 16 de outubro de 2024 e abrir un período de información pública polo prazo de 20 días mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular alegacións no seu caso.

O 20 de novembro de 2024 publicouse no BOP núm. 224 o anuncio de aprobación inicial do inventario de bens e dereitos do Concello de Touro, publicándose na sede electronica do Concello o citado Inventario.

O 20 de xaneiro de 2025 emítese certificado relativo ás alegacións presentadas durante o periodo de exposición pública onde consta as alegación presentadas por José Manuel Fernández Vázquez e por Olaya Valiño Santiso en representación da Asociación de Veciños do Batán.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeiro. Escritos/alegacións presentadas por José Manuel Fernández Vázquez. Nos diferentes escritos presentados recollénse afirmacións, valoracións persoais, preguntas, documentos que nada dificultan enormemente coñecer se o presentado ten consideración de alegación e o contido das mesmas. Por parte da persoa que subcribe o presente, deduce as seguintes alegacións:

1. Que se corrixan os datos de adquisición e valoración dos bens que fan referencia ao ano 1900.

   O dato do ano 1900 é tomado directamente do criterio de Catastro que establece esta como data de adquisición cando non consta de xeito fehaciente e non se coñece outra data de adquisición. Criterio que foi seguido pola empresa encargada da elaboración do Inventario, en base as instruccións contidas no Manual da Deputación de A Coruña para levar a cabo o Proxecto de Elaboración de Actualización dos inventarios de bens e dereitos para as entidades locais da provincia da Coruña.

   Nas fichas castastrais de cada un dos bens se recolle o valor de adquisición, o valor catastral e o valor en venta. Este último é o que determina o valor de mercado, polo que este é o valor actual, non que os valores estean referidos ao ano 1900 como da a enteder a persoa alegante.

   Procede desestimar a alegación.

CVD: 6s8VWWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Inclusión dos bens adquiridos na Parroquia de Foxás.

O Inventario de Bens obxecto de exposición pública foi realizado e entregado no 2023, polo que non se recollen adquisicións realizadas con posterioridade a esa data.

Os bens referidos pola persoa alegante foron adquiridos no ano 2024, e de conformidade co establecido no artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, procederase a rectificación do inventario que se verificará anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa, competencia que lle correponde ao Pleno.

Procede a desestimación da alegación.

3. Discrepancia de superficie entre Rexistro e Catastro do ben con referencia catastral 15086A516005340000UE.

Non é obxecto do expediente de aprobación do Inventario municipal de Bens resolver as discrepancias de superficie entre Rexistro e Catatastro, xa que esta cuestión ten o seu propio procedemento: expediente de dominio no Rexistro da Propiedade, o cal permite correxir as discrepancias e actualizar a información rexistral do inmoble.

Procede desestimar a alegación

4. Aclaración sobre a titularidade das parcelas 15086B515007970001WA e 15086A502003840000UU, se é titularidade municipal ou da Igrexa.

Unha característica do inventario é o seu carácter de ferramenta ou instrumento de xestión interna, de base de datos e referencia informativa dos bens e dereitos que integran o patrimonio público local.

Neste senso pódese afirmar que o inventario non está configurado como un rexistro público senón interno de cada entidade local. Neste sentido, así o contempla o apartado cuarto do artigo 33 da LPAP, apartado que aínda cando non é básico, si resulta clarificador a este respecto. O seu tenor literal é o seguinte:

“O Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado non ten a consideración de rexistro público e os datos reflectidos no mesmo, así como os resultados da súa agregación ou explotación estatística, constitúen información de apoio para a xestión interna e a definición de políticas da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos”

Engadindo que “estes datos non fornecerán efectos fronte a terceiros nin poderán ser utilizados para facer valer dereitos fronte á Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos”.

Concluíndo devandito artigo cunha previsión en canto á consulta dos seus datos por terceiros, a cal só será procedente cando formen parte dun expediente e de conformidade coas regras xerais de acceso a estes. Os arts. 43 e seguintes do Regulamento da LPAP aprobado polo Real Decreto 1373/2009 do 28 de agosto, regulan as condicións para o acceso aos datos do Inventario do Estado.

Con todo non é un arquivo secreto, polo que en base e en aplicación do previsto no art. 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, calquera interesado poderá obter copias, certificacións ou informacións sobre o seu contido. Podendo os veciños do municipio tamén ter acceso á base informativa do inventario local, ao ter lexitimación para o exercicio da acción pública en defensa dos bens municipais.

- Tal e como consta na nota simple informativa expedida polo Rexistro da Propiedade de Arzúa a parcela con referencia catastral 15086B515007970001WA – terreno capilla de Brandelos, Prevediños II (código ben 15085000217) é titularidade do Concello de Touro, polo que procede desestimar a alegación e manter o mesmo no Inventario

- Tal e como consta na nota simple informativa expedida polo Rexistro da Propiedade de Arzúa a parcela con referencia catastral 15086A502003840000UU – terreno cementerio de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Bama (código ben 15085000260) é titularidade do Arzobispado de Santiago de Compostela, polo que procede estimar a alegación e excluíla do Inventario Municipal.

Segundo. Alegación presentada por Olaya Valiño Santiso en representación da Asociación de Veciños do Batán, na que alegan a titularidade da citada asociación dos seguintes inmobles:

- 15086B506002240001WI LG SANTISO 12 000500100NH54D TOURO (A CORUÑA) Almacén-Estacionamiento | 138 m2 | 1991 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%
- 15086B506002240001WI LG SANTISO 12 000500100NH54D TOURO (A CORUÑA) Parcela construida sin división horizontal 2.210 m2 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%
- 15086B506002920000QH LG MANE Polígono 506 Parcela 292 MANE. 15828 TOURO (A CORUÑA) Urbano Suelo sin edif. 418 m2 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%
- 15086B506003400000QO Polígono 506 Parcela 340 PENAS DO CASTRO. TOURO (A CORUÑA) Rústico Agrario 6.708 m2 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%

Sendo de aplicación o referido no punto anterior primeiro 4, aportan documentación acreditativa (títulos de propiedade) dos citados inmobles a cal é corroborada coas notas simples informativas expedidas polo Rexistro da Propiedade de Arzúa onde consta a titularidade da Asociación de Veciños do Batán con C.I.F. G15705650 dos citados inmobles.

Procede a súa estimación.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas por José Manuel Fernández Vázquez, en base ao reflectido nas consideracións técnicas e xurídicas, estimado unicamente a referida a parcela con referencia catastral 15086A502003840000UU – terreno cementerio de Bama (código ben 15085000260) xa que é titularidade do Arzobispado de Santiago de Compostela, procedendo a excluíla do Inventario Municipal.

SEGUNDO. Estimar a alegación presentada por Olaya Valiño Santiso en representación da Asociación de Veciños do Batán procedendo a excluír do Inventario Municipal os seguintes inmobles:

- 15086B506002240001WI LG SANTISO 12 000500100NH54D TOURO (A CORUÑA) Almacén-Estacionamiento | 138 m2 | 1991 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%
- 15086B506002240001WI LG SANTISO 12 000500100NH54D TOURO (A CORUÑA) Parcela construida sin división horizontal 2.210 m2 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%
- 15086B506002920000QH LG MANE Polígono 506 Parcela 292 MANE. 15828 TOURO (A CORUÑA) Urbano Suelo sin edif. 418 m2 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%
- 15086B506003400000QO Polígono 506 Parcela 340 PENAS DO CASTRO. TOURO (A CORUÑA) Rústico Agrario 6.708 m2 IDENTIFICACION TITULAR: Asociación de Veciños O BATAN C.I.F. G-15705650. % TITULARIDAD: 100,00%

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o Inventario de bens e dereitos cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

CATEGORÍA	**EUROS**
Inmobles	33.895.432,24 €
Dereitos Reais	
Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico	25,84 €
Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación	
Vehículos	415.055,29 €
Semovientes	

CVD: 6s8VWWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados	295.195,82 €
Bens e dereitos reversibles	
TOTAL	**34.605.709,19 €**

CUARTO. Publicar a información actualizada no portal de transparencia municipal para os efectos de cumprir coa normativa Estatal e Autonómica nesta materia.

QUINTO. Remitir copia do inventario á Administración do Estado e ó órgano competente da Comunidade Autonónoma (Dirección xeral de Administración Local), en Cumprimento do precetuado no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓN

A proposta resulta aprobada pola maioría absoluta dos Concelleiros, por dez votos a favor (5 de PP; 3 de pMVdeT; 1 de PG e 1 de BNG) e a abstención do Concelleiro non adscrito Darío Rey Suárez; sendo once o seu número legal de membros.

2 EXPEDIENTE 2024/C004/000005. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE TOURO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Por parte do Sr. Alcalde faise unha exposición do procedemento tramitado, facendo un resumo da seguinte proposta que consta no expediente, ditaminada favorablemente pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 3 de febreiro de 2025.

ANTECEDENTES

14/11/2024. Aprobación do expediente de contratación polo Pleno da Corporación.

15/11/2024. Enviouse ao DOUE o anuncio de licitación e a data de difusión na Plataforma de contratación do sector público e do 18/11/2024.

19/12/2024. Apertura dos arquivos electrónicos sobres A (documentación) e B (documentación relativa a criterios subxectivos - criterios non avaliables de forma automática) presentados a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (htpps://contrataciondelestado.es) onde consta de xeito textual o seguinte:

PRIMEIRO. Ao abeiro do establecido no artigo 16.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) remitir ditas ofertas aos servizos técnicos dependentes do órgano de contratación, que han de valoralas, no prazo máximo dos sete días naturais seguintes á apertura do referido sobre; esta valoración deberá asinarse polo técnico ou técnicos que a realizaran que serán:

- Dª Paz Gutiérrez Abella (Traballadora social coordinadora de Servizos sociais do Concello de Touro).

- Dª Mónica Rodríguez Palacio, (Traballadora social coordinadora de Servizos sociais comunitarios do Concello de Tordoia).

- Dª Ana María Aldrey Pereira, (Traballadora social coordinadora de Servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra).

SEGUNDO. Convocar a Mesa de contratación para proceder, en acto público, á lectura do resultado da valoración previa efectuada e á apertura dos sobres que conteñen a parte da oferta avaliable mediante criterios cuantificables en virtude de fórmulas matemáticas daquelas licitadoras que accedesen á FASE 2, sobre C (documentación relativa a criterios automáticos) para o día 13 de xaneiro de 2025 ás 10.00 horas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

13/01/205 Mesa de contratación proposta de adxudicación onde consta de xeito textual o seguinte:

1.- Valoración criterios basados en xuízos de valor: PROYECTO DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DO SERVIZO.

Iniciase a sesión procedendo ao estudio do informe técnico, de data 10 de xaneiro de 2025, subscrito por Dª Paz Gutiérrez Abella (Traballadora social coordinadora de Servizos sociais do Concello de Touro), Dª Mónica Rodríguez Palacio (Traballadora social coordinadora de Servizos sociais comunitarios do Concello de Tordoia) e Dª Ana María Aldrey Pereira, (Traballadora social coordinadora de Servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra) que avalía os proxectos de organización e prestación do servizo, de conformidade cos criterios e puntuacións máximas asignadas indicados na cláusula 12.1 do PCAP

Do informe técnico extráense os seguintes resultados, que se expoñen de xeito resumido:

LICITADOR	***Xestión e desenvolvemento da intervención 16 puntos***	***Organización dos recursos humanos 17 puntos***	***Procedementos de avaliación e mellora na calidade da intervención 7 puntos***	***Total puntuación 40 puntos***
ATTENDE CARE, S.L.	*8,01*	*5,68*	*3,67*	*17,36*
SENES CIT, S.L.	*7,34*	*11,66*	*2,00*	*21,00*

O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) establece:

En relación co anterior e para garantir a calidade do servizo, as ofertas que non obteñan unha puntuación mínima de 20 puntos en este apartado, quedarán eliminadas do procedemento de contratación

Ao abeiro do referido informe técnico procede a eliminación do procedemento da licitadora ATTENDE CARE, S.L ao non obter a puntuación mínima esixida de 20 puntos establecida na cláusula 12 do PCAP polo que non se procede á apertura do sobre C da citada empresa.

2º.- Apertura do sobre C (Criterios de adxudicación avaliables mediante a aplicación de fórmulas) presentado por SENES CIT, S.L.

1. PREZO:

CONCEPTO	***BASE***	***IVE***	***TOTAL***
Hora ordinaria modalidade dependencia	*23,58 €*	*0,94*	*24,52 €*
Hora extraordinaria modalidade dependencia	*25,94 €*	*1,04*	*26,98 €*
Hora ordinaria libre concorrencia	*23,58 €*	*2,36*	*25,94 €*

2. CONDICIÓNS LABORAIS DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO

Que oferta un 4 % de incremento dos salarios fixados no Convenio

3. MEDIOS MATERIAIS (MARCAR CUNHA X)

Dispoñibilidade dun local sito no Concello de Touro	*X*

4. AXUDAS TÉCNICAS:

AXUDAS TÉCNICAS	***UNIDADES OFERTADAS***
Guindastre de mobilización persoal	*10*
Cama articulada eléctrica con carro elevador	*10*
Cadeira de rodas para ducha	*10*
Asento de bañeira ou ducha	*10*
Colchón antiescaras	*10*
Andador	*5*
Cadeira de rodas	*5*

CVD: 6s8VWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	***UNIDADES OFERTADAS***
Podoloxía	*80*
Perruquería	*80*
Fisioterapia	*80*
Enfermería	*80*
Atención psicolóxica	*80*
Terapia ocupacional	*80*

6. LIMPEZAS DE CHOQUE:

SERVIZO	***UNIDADES OFERTADAS***
Limpezas de choque	*50*

A continuación procedeuse procedeuse a puntuar a oferta presentada ao abeiro dos criterios de valoración da cláusula 12 do PCAP.

Prezo 10 puntos	***Condicións laborais do persoal adscrito ao servizo 8 puntos***	***Medios materiais 2 puntos***	***Axudas técnicas 20 puntos***	***Servizos complementarios 18 puntos***	***Limpezas de choque 2 puntos***
0,02	*8*	*2*	*20*	*18*	*2*

A continuación procedeuse a realizar a suma das puntuacións obtida polo licitador do sobres B (referencias técnicas - criterios non avaliables de forma automática) e do sobre C (oferta económica e referencias valorables automaticamente) co seguinte resultado:

Licitador	***Total puntuación sobre B 40 puntos***	***Total puntuación sobre C 60 puntos***	***Total puntuación sobre B e C 100 puntos***
SENES CIT, S.L.	*21,00*	*50,02*	*71,02*

Ao abeiro do anterior a Mesa por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. *Excluír á licitadora ATTENDE CARE, S.L ao non obter a puntuación mínima esixida de 20 puntos establecida na cláusula 12 do PCAP relativo aos criterios avaliables mediante xuizo de valor. Proxecto de organización e prestación do servizo.*

SEGUNDO. *Clasificar as ofertas ordenadas de xeito decrecente:*

Licitador	***Puntuación***
SENES CIT, S.L.	*71,02*

TERCEIRO. *Requirir á empresa SENES CIT, S.L. para que no prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, asinados os documentos establecidos na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).*

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

PRIMEIRA. Formulouse a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, cumprido o requirimento en tempo e forma por parte do licitador que formulou a oferta máis vantaxosa, aportando

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

a documentación establecida na cláusula 17 do PCAP entre a que se atopa o certificado de seguro nº 2025/73045 correspondente á póliza aberta de seguro de caución nº 1012469 COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CRÉDITO A LA EXPORTACIÓN, S.A. Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E. con CIF A28264034, do 14 de xaneiro de 2025 por importe de 36.318,30 €.

SEGUNDA. O órgano competente para aprobar o expediente é o Pleno xa que o valor estimado do contrato excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Excluír ao licitador ATTENDE CARE, S.L ao non obter a puntuación mínima esixida de 20 puntos establecida na cláusula 12 do PCAP relativo aos criterios avaliables mediante xuizo de valor. Proxecto de organización e prestación do servizo.

SEGUNDO. Adxudicar o contrato do servizo de axuda no fogar (SAF) nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan no prego de prescripcións técnicas particulares (PPTP) e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen na contratación á mercantil SENES CIT, S.L. con C.I.F. B15724719, nas seguintes condicións:

Prezo hora	**BASE**	**IVE**	**TOTAL**
Hora ordinaria modalidade dependencia	23,58 €	0,94	24,52 €
Hora extraordinaria modalidade dependencia	25,94 €	1,04	26,98 €
Hora ordinaria libre concorrencia	23,58 €	2,36	25,94 €

TERCEIRO. Son características e vantaxes determinantes de que sexa seleccionada a oferta presentada polo citado adxudicatario, as seguintes:

- **Un 4 % de incremento dos salarios fixados no Convenio.**
- **A dispoñibilidade dun local no Concello de Touro.**
- **As seguintes axudas técnicas** sen custe, tanto para a administración local coma para a persoa usuaria. A xestión destas axudas (entrega en domicilio, mantemento e recollida) será por conta da empresa adxudicataria.

AXUDAS TÉCNICAS	**Unidades mínimas (PPTP)**	**Unidades ofertadas**	**Total unidades**
Guindastre de mobilización persoal	4	10	**14**
Cama articulada eléctrica con carro elevador	4	10	**14**
Cadeira de rodas para ducha	3	10	**13**
Asento de bañeira ou ducha	2	10	**12**
Colchón antiescaras	3	10	**13**
Andadores	2	5	**7**
Cadeira de rodas	2	5	**7**

- **Os seguintes servizos complementarios** sen custe, para a persoa beneficiaria, sendo asumido na súa totalidade pola empresa adxudicataria.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	**Horas mínimas de servizo (PPTP)**	**Unidades ofertadas**	**Total horas a prestar**
Podoloxía a domicilio	60	80	**140**

CVD: 6s8VWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Perruquería a domicilio	60	80	**140**
Fisioterapia a domicilio	60	80	**140**
Enfermería a domiclio	60	80	**140**
Atención psicolóxica	60	80	**140**
Terapia ocupacional	40	80	**120**

- **50 horas de limpeza de choque** sen custe, tanto para a administración coma para a persoa usuaria, que, por circunstancias excepcionais e a xuízo do persoal técnico, se consideren necesarias para a articulación do servizo.

CUARTO. Dispor o gasto correspondente en caso de conformidade do informe de fiscalización que se emita pola Intervención.

QUINTO. Publicar a adxudicación no perfil de contratante no prazo de quince (15) días.

SEXTO. Designar como responsable do contrato á Concellería delegada da Área de Goberno de Servizos Sociais, Muller e Igualdade

SÉTIMO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, xunto cos recursos que procedan.

OITAVO. Notificar a Damián Vázquez Lavandeira representante de SENES CIT, S.L., adxudicatario do contrato xunto cos recursos que procedan, o presente acordo e citarlle para a formalización do contrato en documento administrativo unha vez transcorridos os quince días hábiles para a interposición do recurso especial en materia de contratación. Con carácter previo o adxudicatario deberá presentar unha declaración responsable relativa ós medios persoais e materiais que se adscriben ó contrato.

NOVENO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DÉCIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no «Diario Oficial da Unión Europea» como moi tarde 10 días despois da formalización do contrato

UNDÉCIMO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co detalle correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

DUODÉCIMO. Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.

INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde di que unha das empresas quedou excluída ao non alcanzar a puntuación mínima no sobre de xuízos de valor, a empresa que se propón para adxudicar o contrato superou minimamente o criterio de organización e prestación do servizo, co cal en certa maneira é unha preocupación porque acredita a pouca calidade do proxecto e a falla na proposta da organización do traballo, por contra accedeu a puntuación máxima nas axudas técnicas, servizos complementarios, limpezas de choque e na proposta de mellora das condicións salariais das traballadoras.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que efectivamente alcanzou a máxima puntuación en case todos os criterios de avaliación automática, salvo no prezo que de xeito intelixente ao seu parecer non ofertou baixa, só acadou 0,02 puntos, considera importante o detalle da empresa de ofertar o máximo nas condicións laborais do persoal adscrito, é unha declaración de intencións que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

me parece interesante e que en vez de optar a puntuación na oferta económica, optou ao resto dos puntos. Habería que preguntarse porque só houbo dúas empresas participantes, algo non era atractivo no pliego, e unha delas nin tan sequera supera a primeira fase dos criterios de xuízos de valor; que funcione ben, que vaia ben e nada máis.

VOTACIÓNS

A proposta de adxudicación do Servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Touro resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conformen a Coproración (5 de PP; 3 de pMVdeT; 1 de PG e 1 de BNG e o Concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2024/A008/000047. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2025. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

Consta no expediente a proposta que se reflicte textualmente a continuación

ANTECEDENTES

O 29/11/2024 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 (BOP núm. 233 do 03/12/2024).

O prazo de presentación da solicitude de participación remata o 07.02.2025 ás 15:00 horas

O 30/01/2025 achéganse ao Concello de Touro os proxectos técnicos das obras coas que o concello participará no plan.

O 03/02/2025 celebrouse a Comisión de Asuntos Xerais.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2025 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. *Participar no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"*** *da Deputación Provincial da Coruña****,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2025" e con cargo a "achega provincial 2024":*

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025*:*

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa***	***Total Concello***	

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

			deducible nos abastecem. auga potable)		
Rehabilitación de piscina municipal	*199.953,30 €*				*199.953,30 €*
Acceso a Ribeira	*62.070,66 €*	-	-	-	*62.070,66 €*
Acceso a Loureda	*61.266,22 €*				*61.266,22 €*
Mellora da pista da AC-240 a Os Torreis e outras	*59.260,62 €*				*59.260,62 €*
Subtotal investimentos achega provincial 2025	*382.550,80 €*	-	-	-	*382.550,80 €*

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	
Instalación de elevador-ascensor e reorganización da zona do rexistro na Casa Consistorial	*93.308,32 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*93.308,32 €*
Viario en Campelo e outros	*145.474,15 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*145.474,15 €*
Senda en Bendaña e outro	*66.628,81 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*66.628,81 €*
Mellora da pista As Quintas cara AC-240	*65.888,03 €*				*65.888,03 €*
Subtotal investimentos achega provincial 2024	*371.299,31 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*0,00 €*	*371.299,31 €*

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:			***Concello***			
POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		***Deputación***	***Concello***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total concello***	***Orzamento Total***
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2025***	*0,00 €*				*0,00 €*
	Achega 2024	*0,00 €*				*0,00 €*
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2025***	*382.550,80 €*				*382.550,80 €*
	Achega 2024	*371.299,31 €*				*371.299,31 €*
C - TOTAL	***Achega 2025***	*382.550,80 €*				*382.550,80 €*
	Achega 2024	*371.299,31 €*				*371.299,31 €*
	TOTAL	*753.850,11 €*				*753.850,11 €*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

SEGUNDO. *Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	***Orzamento de contrata***	***IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)***	***(C= A-B) Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e B)***
Renovación alumeado público en varios lugares do Concello: Vilar e outros	*236.693,38 €*		*236.693,38 €*
TOTAIS	*236.693,38 €*		*236.693,38 €*

TERCEIRO. *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

CUARTO. *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2025 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.*

QUINTO. *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

SEXTO. *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

SÉTIMO. *Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

OITAVO. *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

INTERVENCIÓNS:

O sr. alcalde fai un resumo dos proxecto incluídos na proposta que alcanzan os 990.543,00 euros

- Rehabilitación da piscina municipal: Rehabilitación do vaso actualmente existente, reposición das plaquetas de toda a zona de praia e da recollida de augas de rebordamento para evitar esas perdas de auga que neste momento están poñendo en dificultade manter a actividade na piscina e executar un novo vaso para uso infantil.

- Renovación de alumeado público a leds e os correspondentes cadros de mando e nalgún caso a reunificación de cadros por un importe de 236.693 euros nos cales se inclúen toda a Parroquia de Loxo e de Vilar; renovación a led de todo o que falta na parroquia de Circes, onde a maior parte xa está renovada, e unhas renovacións en Quión nos lugares de Lago e San Fiz.

- Instalación dun ascensor no Concello e a reorganización das zonas de traballo na planta baixa por un importe total de 93.308 euros.

- Mellora da seguridade e accesibilidade peonil nas vías, que inclúe dúas actuacións: unha senda peonil en Bendaña dende a Igrexa ata entrada As Vagueiras e outra actuación de acceso a fonte-lavadoiro na Muíña en Quión.

- Reparacións e melloras de viarios mediante aglomerados por importe total de 145.475 euros inclúe actuacións na aldea de Campelo en Bama, na aldea de Sanguñedo en Prevediños e no vial da igrexa a Vilanova en Beseño e na Abelenda en Quión.

- Mellora de viario mediante aglomerado por importe de 62.070 a vía que vai da estrada da Deputación ata Ribeira de Turces, aproximadamente un kilómetro.

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Aglomerado en Loxo das aldeas de Vilanova e Loureda a conexión entre elas e os accesos interiores por un importe total de 61.266 euros.

- Reparación e mellora de viario con regos asfálticos por un importe total de 59.260 euros que inclúe a pista que vai dende As Goritas aos Torreis de Arriba, a que vai dende Quintás en Prevediños dende AC-240 ata Insua, a pista que vai de Sanguñedo ata Banda de Río en Prevediños e a pista en Lago-Quión ata o límite co Concelo de O Pino.

- Ampliación no ancho da estrada que vai dende a Goleta na AC-240 ata Enquerentes por un importe total de 65.888 euros.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Reboredo González, di que non van a entrar nin a discutir nin a valorar esta proposta de obras do goberno, porque o queremos é que nos explique o alcalde porque non se executa o acordo adoptado no pleno do 9 de xaneiro pasado, queremos saber que leva ao alcalde a incumprir unha das súas obrigacións que é a execución dos acordos adoptados polo pleno, transcorreu practicamente un mes e tampouco se fixo ningunha xestión con nós para tratar de corrixir, mellorar ou modificar ese acordo, por iso non imos nin entrar a valorar esta proposta de obras que seguramente case todas son interesantes, pero eran igual de interesantes, ou nós pesamos que bastante máis interesantes as incluídas na Moción que nós presentamos emendada posteriormente polo Concelleiro Darío. Hai unha irresponsabilidade política do alcalde negándose a cumprir un acordo da corporación, xa sabemos que está nunha situación complicada politicamente, pero hai que respetar a voluntad das maiorías, a maioría foi clarita ese día, sete votos a favor e nin sequera o goberno votou en contra desa proposta, xa é curioso, nin sequera votan en contra e agora fan case tabla rasa da proposta e pretende víspera de rematar o prazo de presentación da solicitude do Plan Provincial pretenden que nós digamos amén a esto, entón por suposto non vamos aceptar ese tipo de chantaxe, xa llo anticipei o outro día na comisión informativa que iamos votar en contra, xa lle advirto da responsabilidade na que pode incorrer por deixación de funcións, supoño que vostede estará asesorado e sabrá realmente ao que se arriesga, se se perde a subvención do plan e como se lle explica ao vecindario que se perdeu o plan por un capricho do alcalde de querer impoñer os seus criterios a toda costa sen aceptar a realidade, que gobernando en minoría e sobro todo se quere sacar aquelas que son competencia estricta do Pleno ten que negociar, que pactar, como iso parece que é incompatible co seu carácter, pois bueno. Xa lle anticipo que imos votar en contra, en consecuencia se non nos xustifica razonablemente o porque dese cambio, só nos queda unha opción que é pedir a súa dimisión, se o alcalde se nega a cumprir un acordo do pleno coas consecuencias que ten ese incumprimento de perder unha subvención de novecentos mil euros do Plan Provincial, que me diga alguén cal é outra opción; o alcalde non lle quedaría máis remedio que dimitir, tendo un mínimo de dignidade democrática ou saca unhas razóns que non se nos alcanzan ou realmente non vexo a onde nos quere levar con esta proposta.

O voceiro do BNG, Sr Xoan Louzao, di que é tremendo ter que chegar a isto. É certo que houbo un acordo plenario non último pleno no que nós votamos a favor, había unha seria de obras que nos parecían ben outras non tan ben, de feito algunhas eran demandas vellas que fixera o Bloque, e claro cando se nos presenta agora a proposta é certo que algunha daquelas propostas aprobadas polo pleno si que están, outras non están e incluso hai outras que non se aprobaran daquela, é evidente que ese acordo non se cumpre, iso é certo. Sabemos por experiencia propia que estamos ante un alcalde que actúa como si tivera unha maioría absoluta, incapaz de negociar nada, inflexible, kamikaze incluso diría eu, pero aquí un alcalde kamikaze en contra de quen vai é dos veciños, se non se aproba o plan quen vai quedar sen ese millón de euros en investimentos son todos os veciños e veciñas de Touro, é certo que falouse comigo un día por un membro do goberno pero preséntasenos unha proxecto pechado que practicamente hai que dicir que si, podes modificar algunha cousa que é baladí, tamén dixen que nós temos clara unha cousa por riba das loitas partidarias está o interés xeral, e xa o fixemos fai un ano e máis veces neste pleno de feito, estas loitas internas que tivo o goberno, esa actitude do sr. alcalde que non dou entendido máis alá de que sexa de desidia, de incompetencia, non sei cal é peor das dúas sinceiramente, métenos literalmente entre a espada e a parede, pero nós temos unha responsabilidade como BNG, se eu salo mañá dicindo que votei en

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

contra destes investimentos dun millón de euros, recriminaramo, non nos imos opoñer ao Plan, pero deixando ben claro e denunciando esta actitude que non vai absolutamente a ningún lado, salvo contra os intereses do Concello, a min paréceme desolador, imos para dous anos de goberno que estaba en minoría que agora está en minoría minoritaria, que rompeu e a actitude do goberno é pasr olimpicamente de todo, polo menos do Bloque, pensan xa tragaran, estes son responsables, quérenlle ao Concello, unha organización honesta e seria, non se van atrever a votar en contra, ese parece que é o xogo, un xogo perigoso, non nos imos opor ao plan, pero vostedes non poden xogar asi, teñen unha responsabilidade moi grande que vostede non é capaz de asumila, alá vostede.

O concelleiro non adscrito, Darío Rey di que quere reflexar un pouco o modus operandi deste alcalde ou como di el deste goberno, por poñer data no pasado POS, os que eramos integrantes da Xunta do goberno, recibimos os proxectos, non é unha cuestión de que se queixe a oposición, naquel momento recibimos os proxecto cinco minutos antes da Comisión, un pouco o que se pretendía era que subísemos as escaleiras, que nos sentásemos aquí e levantásemos co que ao alcalde se lle ocurrise, máis adiante, seguindo formando parte do goberno, falo do meses de setembro de 2024, trasladeille nun correo electrónico tanto ao alcalde coma ao tenente alcalde que no tocante a miña persoa era a última vez que levantaba a man acriticamente , que quedaba moito para o seguinte POS, seis, sete meses e que tiñan moito tempo para negociar, que non o deixasen para última hora, teño que dicir que dende aquela ata o día de hoxe ao contrario do que dixo Xoan ou o PP, a min nadie me contactou, nadie me ensinou nunca ningunha obra, nin me fixo ningunha proposta, dou por feito que consideraban que o meu voto era irrelevante e eu tamén daba por feito que o sería, para permitirse esa licencia supoño que terían garantido o voto do PP, pero a realidade dista bastante diso, entón eu non me atribúo ningún tipo de responsabilidade nesto, Touro non é o primeiro lugar que ten alcaldes alcaldes, irresponsables, incompetentes, kamikazes como ben antes se apuntou; tamén é certo que non recaería a responsabilidade nos concelleiros que estamos aquí, porque por exemplo o BNG de Padrón tumbóulle por non aceptar esa chantaxe, tumboulle o POS ao PP e estou moi de acordo co BNG de Padrón, non sei cal é a situación, o que si sei e que eu non acepto ningún tipo de chantaxe, máis que nada porque levo avisando meses e repito a min non se me pediu o voto, non se negociou nada,é máis incluso este alcalde ou este goberno máis ben na proposta que se aprobou aquí na Moción eu fixen unha emenda de substitución na que quitei obras do PP e incluín algunhas outras que eu consideraba, dicía Xoan que algunhas das propostas re recollen agora na proposta, si e certo, pero das miñas ningunha, eu creo que é unha auténtica burla, non acepto nin chantaxes nin neocaciquismos, é curioso que relate as obras que contempla o plan, case medio millón de euros vai en aglomerados, en sendas, recorda o alcalde cando estabamos na oposición seria e falaba desas sendas que non tiñan sentido, iso de votar cemento polas cunetas, recorda tamén como criticaba que o goberno decidise as obras daquela maneira cacique, dicía que había que facer un plan de obras e de viais par determinar cales deberían ter prioridade por dar servizo a un maior número de veciños, entón creo que é vítima do seu pasado, a responsabilidade e cen por cen deste goberno kamikaze, anuncio que o meu voto tamén vai ser en contra.

O Sr. alcalde di que o que aprobou este pleno co voto facilitador do goberno porque se abstivo, a valoración que fico o goberno foi que era unha moción positiva e de feito tomouse como directriz para a elaboración do Plan, o que se aprobou foi unha moción, non un acordo vinculante, iso tampouco lle quita mérito, eu valoreina como unha proposta positiva; agora ben, todas esas obras que se recollen nesa Moción son necesarias, está de acordo en incluílas todas pero o límite orzamentario é o que é. Por poñerlle un exemplo, falaban da reparación integral da piscina municipal, o Concello ten un proxecto que se vai por riba do medio millón de euros, as obras que propón na Moción vostede falaba de cen mil euros, polo que a moción é inexecutable, iso sabémolo. O que se fixo foi recoller o que o goberno consideraba máis relevantes, e xa lle digo que as actuacións na piscina de rehabilitación do vaso actualmente existente, reposición das plaquetas de toda a zona de praia e da recollida de augas de rebordamento e executar un novo vaso para uso infantil son douscentos mil euros e así todo, entón o que se fixo foi adaptar obras ao orzamento que temos. Por contra non houbo unha proposta, o plan con todos os proxectos, con toda a documentación, a marxe das conversas que tivo o Concelleiro de obras e tenente alcalde cos distintos grupos, foille entregada fai xustamente unha semana, o luns houbo un órgano que é unha Comisión na cal nin verbalmente nin de maneira escrita se expuxo emenda no sentido de proposta alternativa ou de modificación do plan, é máis grupos políticos que agora en Pleno manifestan o voto en contra na Comisión non votaron en contra, co cal o plan que se somete aquí a votación é un plan que foi aprobado pola Comisión, no que repito non se trasladou de maneira clara que obras serían susceptibles de sacar do plan, estamos de acordo en

CVD: 6s8VWWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que todas as obras son necesarias, pero podemos discutir ou ter distintos criterios en cales son as prioridades, e non houbo unha comunicación dentro dese órganos e me consta nas conversas que levou o Concelleiro de obras cos distintos grupos de en vez desta obra metemos outra ou tratamos de reducir orzamento nunha obra determinada e incluír outras, non houbo esa proposta, co cal é moi bonito traer unha retaíla de obras, pero que non caben neste plan, temos diñeiro no banco, sentámonos elaborase un plan municipal de obras e inclúense as obras que se queiran, pero evidentemente neste plan temos a capacidade que temos, co cal o de estar cerrado a estas obras, para nada, a min non me consta nada ao respecto; entendo que é difícil para calquera dos grupos decir sacamos unha obra de aquí porque é prioritaria outra noutro lado, estamos de acordo que moitas veces é desvestir un santo para vestir outro; estivemos totalmente abertos a esas modificacións, de feito o voceiro do PP fixo unhas puntualizacións sobre dúas obras moi concretas, acerca da obra de mellora e ampliación da estrada dende a Goleta a Enquerentes, totalmente de acordo coa actuación e fixo unha puntualización de que se debería corrixir o proxecto porque se inclueu un enlace, que era mellor ir por outro lado, estamos abertos a esas modificacións e a outras que propoñan, tamén fixeron referencia ao aglomerado en Loxo, en Loureda, escoitamos esas modificacións ou as que propoñan, pero xa digo non houbo un traslado doutras proposta respecto disto, co cal sorpréndeme o relato, entendo que teña que vender o seu relato, da dimisión, perfecto; pero sobre as obras nada concreto, de feito non foi capaz en todo o relato de crítica ao goberno de sacamos unha actuación concreta e incluímos outra; e non se escoitou nin na Comisión nin na primeira intervención que fixo. Estou aberto a que non segundo turno, que propoña que actuacións sacamos e incluímos outras.

No segundo turno de palabra, o voceiro do PP, Sr. Reboredo González di, que hai que recoñecer que maneira de rizar o rizo, di o alcalde que non nos opoñemos, para empezar, ese matiz que fai de que o acordo do outro día salido dunha Moción non é un acordo, a Moción en todo caso sería o inicio do acordo, pero hai un acordo aprobado polo pleno, resolutivo cunha parte dispositiva ejecutiva clarísima, quen pretende ignorar ese acordo é o alcalde, quen quitou as obras da proposta foi o alcalde, cóntame o tema da piscina, acepto o que me di, pero hai maneiras de facelo en fases , de chamarnos ao día seguinte e dicirnos que este proxecto son cincocentos mil euros, o argumento de que non hai cartos para financiar o plan é falaz por completo, todas as obras que propuxeron distintas das que había na proposta inicial canto suman, para o que nos propoñemos non hai cartos pero si para as que engaden vostedes, o último argumento da comisión, eu fixen esa matización de que ganas ten o goberno de convencernos aos concejales do PP que a dous que en teoría nos afectan esas obras, concretamente quitan a que vai a dar a miña aldea, imos falar claro, cando na nosa proposta poñía sobreanchos pista de Goleta, Cimadevila e As Quintás e veñen vostedes con sobreanchos pista de A Goleta e As Quintás, ao mellor son eu mal pensado, pero é sospechoso. Na pista de Loureda, de Vilanova a Louradela, curiosamente, quitan o tramo que peor está e meten un tramito pola aldea dos que mellor está.

En canto ao tema das comisións, o alcalde sabe por experiencia que nós nos reservamos o voto para o Pleno, porque nos interesa, porque nos convén politicamente ou polo que sexa, nunca votamos salvo aquelas que son de puro trámite e estamos completamente de acordo por suposto que votamos a favor delas. Se os acordos das comisións informativas foran executivos para que queremos os plenos, é un ditamen que non confunda o sr. alcalde que haxa un ditamen favorable aprobado por quen o aprobou que significa unha minoría clarísima do Pleno, este plan hai que aprobalo en pleno porque é unha competencia específica do Pleno. Que non non entramos a presentar emendas a súa proposta, por suposto, xa lle dixen que non iamos valorar esas obras nin a discutir esa proposta, porque hai un acordo plenario, por moitas voltas que lle de a semántica, un acordo plenario que é executivo e se o alcalde se nega a executalo está facendo deixación de funcións, nun pleno dsetes pasados o alcalde facíanos referencia ás vías xudiciales que temos abertas, xa lle anticipo que esta vez si imos ir á vía penal, si decae o plan provincial, non imos votar a favor do plan porque nos parec unha chantaxe, desautorizar un acordo tomado aquí simplemente plo capricho do alcalde ou do goberno, modifican o acordo e non se molestan en argumentalo, tiveron un mes para negociar con

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 6s8VwWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

nós, é certo que mandounos a documentación o xoves a tarde, tivemos coñecemento o venres, fin de semana, viñemos o luns e xa lle anticipamos que iamos votar en contra e a partir de aí foi cando vostedes trataron de falar con nós, polo menos no noso caso, perder un plan provincial, habería que facerse mirar iso, se o alcalde nos quere levar a ese terreo. Por último, dame impresión de que é falar por falar, vostedes teñen unha actuación predeterminada, quixeron provocar esta chantaxe, probarnos a ver se somos capaces ou non de dicir que non, se a vostede lle preocupen os intereses dos veciños presente a súa dimisión e nós aprobamos o Plan, así de clarito, porque vostede é o que trouxo e creou aquí a situación, hai outro métodos para cambiar de goberno, pero propoñemos iso porque é vostede o que nos trouxo ata aquí, non quere perxudicar ao veciños, fágalle un grandísimo favor aos veciños de Touro, vaiase; non so nesto do Plan porque está perxudicando aos veciños en outros moitos temas, pero non é hoxe o día, xa o traeremos a outros plenos para falar de porque non hai presupuestos e outra serie de cousas, imos votar en contra do plan non porque non esteamos de acordo coas obras, porque non as imos a valorar, seguramente todas son necesarias, pero non estamos de acordo co sistemas, cas formas, co procedemento e iso vainos a levar a votar en contra, sentindo moitísimo, pero non nos deixa aternativa.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao, di que fala da comisión do outro día, de prioridades, iso todo tiña qu e facelo vostede hai dous meses, porque está en minoría, un plan POS cando se trae hai que enviarlle á Deputación as obras, os orzamentos, primeiramente hai que negociar e chegar a acordos e cando se chega a acordos preséntanse as obras, pero presentando os proxectos con menos dunha semana que mañá é o último día, que che queda váleme así acriticamente ou dicir non quero modificar e que queres modificar, o que me queda por modificar que son uns euros, esa é a realidade. Non veña aquí con lágrimas de cocodrilo dicindo que fixo, nada diso é verdade, comigo falouse un ha vez e xa dixen o Bloque non vai tumbar o POS porque non queremos que vaia no noso lombo, sabendo todo o que está pasando, perder un millón de euros, pero realmente meréceo, o problema é que vostede é o responsable, pero os perxudicados son todos os veciños e veciñas de Touro, iso é o que hai, a partir de aí todo o demais é literatura.

O alcalde di que por puntualizar é un pouco extraño estar de acordo e votar en contra.

VOTACIÓNS

A proposta que resulta rexeitada, por catro votos a favor (3 concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG), por seis votos en contra (5 Concellerios do PP e o Concelleiro non adscrito), e a abstención do Concelleiro do BNG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.39 horas do 6 de febreiro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: 6s8VWWQm5s6x0fYlZ11M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.